



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO O DÍA CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas (PSdG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García (PSdG-PSOE)
D. Rafael Luis Fernández Amor (PSdG-PSOE)
D. Jesús Antonio Fernández Cal (PSdG-PSOE)
D^a. M^a. Isabel Rodríguez López (PSdG-PSOE)
D^a. Olga María Méndez Carro (PSdG-PSOE)
D^a. María Concepción Toral Romero (PSdG-PSOE)
D. Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)
D^a. María del Carmen Gueimunde González (PP)
D. Celestino V. García Paz (PP)
D. José Antonio Goás Basanta (BNG)
D. Orlando Expósito Mariño (EU)
D. Guillermo Leal Arias (Membro non adscrito)
D. Juan José Pardo Gato (Membro non adscrito)
D. Jesús Fernández Fernández (Membro non adscrito)
D^a. Raquel Atadell Giz (Membro non adscrito)
D^a. Vanesa Rego Martínez (Membro non adscrito)

INTERVENTOR:

D. Fidel García Martul

SECRETARIO:

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

Na Antiga Casa Consistorial, sendo as catroce horas e seis minutos do día catro de febreiro de dous mil once, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente e o Sr. Interventor, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, o Secretario quen certifica.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión.

1º.- PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA.

O Sr. Alcalde anuncia que acaba de asinar ás 14.00 horas a nómina pero que entende que se deben dar explicacións ao pleno do acontecido neste días,



sometida a consideración a urxencia do Pleno, esta é ratificada por unanimidade.

2º.- NÓMINAS PERSOAL.

Intervén o Sr. Alcalde expoñendo que este é un Pleno informativo, para aclarar os feitos que se produciron no retraso do pago das nóminas do mes de xaneiro.

De seguido dí que vai a facer un relato dos feitos:

Que o 20 de xaneiro envíaselle ao interventor para que realice a confección das nóminas do mes de xaneiro. Non haría falta facer isto xa que o interventor sabe que o artigo 77 do convenio establece que o día límite para cobrar é o derradeiro de cada mes.

Que hai un informe de intervención a unha moción da Alcaldía inexistente de modificación de crédito con data de 4 de xaneiro, na que dí que ten que efectuarse unha modificación orzamentaria por importe de 489.457,63 €, para poder facer fronte á nómina durante todo o ano 2011.

Que o 31 de xaneiro, o último día para o pago, se lle pasa á Alcaldía por parte da Intervención no que dí que ten que asinar esa modificación para poder pagar a nómina, que é certo que o escrito está asinado o día 28 de xaneiro, pero rexistrado o 31.

Que o 1 de febreiro en contacto co técnico de servizos económicos, se establece que no peor dos casos as contías anuais que figuran no capítulo I sobrepasan en 14.878,73 € os gastos previstos para todo o ano. E dí que dice no peor nos casos porque o técnico inclúe os seguintes gastos

-20.626,00 € para o programa de muller, que todos sabemos que está subvencionado no 98%.

-19.185,20 € de auxiliar a domicilio que tamén ten o 98% de subvención.

- O salario do técnico de emprego 21.804,00 €, subvencionado o 35% e o resto a finais de 2011.

-Tamén se inclúen 426.000,00 € de Servizos Sociais dos cales xa temos aprobados 12.312,24 €.

Que isto o incorporaron pese a que sabía que temos subvencións e que de Seguridade Social tamén incorporamos no caso da muller 6.621,00 €



aproximadamente, o 98% da subvención xa aprobada e en auxiliar a domicilio 7.252,40 € e que a subvención é do 98%. Que en servizos sociais en seguridade social de 141.000 €, hai unha subvención prevista de 4.218,00 € e ademais que aquí non o puxo o técnico de servizos económicos que hai 35.000 € dos 3 postos de traballo dos GRUMIR permanentes. Continúa dicindo que a pesares do dito fai unha moción na que se dí que as 16 vacantes non se van a cubrir, porque ademais legalmente non se poden sacar as prazas xa que a taxa de reposición de efectivos é do 30%, que con iso fai unha proposta, que non o técnico de xestión que unicamente fai os cálculos xerais, da que resulta que sobran 14.878,73 € para gastos de persoal.

Que a esta proposta contéstase por parte do interventor en 24 horas, que teño que facer unha modificación orzamentaria de 49.000 €. Que con ese informe non está de acordo e polo tanto non pode asinar o decreto xa que os reparos por falta de crédito só os pode levantar o pleno, motivo polo cal se lles convocou, que estivo negociando coa entidade bancaria para que estivese aberta ata as 16:00 horas. Que hoxe, segundo informe de intervención, a modificación de crédito necesaria é de 344,00 € aproximadamente, modificación aprobada 5 minutos antes de comezar o pleno, e que se asinou tamén o pago da nómina. Remata dicindo que cobraremos o luns, que se asinara a primeira proposta, habería 489.000,00 € menos para pagar aos provedores, e que a diferenza destes 344,00 € sae pola contratación para substituír ao arquivista e que aqueles que dín que sobra persoal que os vaian identificando con nomes e apelidos xa que varias das persoas ás que hai que dar cobertura orzamentaria como son os do servizo de alzheimer hai que mantelos para prestar o servizo xa que fai 2 anos que non percibimos subvención.

Intervén o Sr. Fernández Amor quen dí que lle gustaría facer un pequeno relato de cómo sucederon as cousas xa que chegamos a unha situación kafkiana, que houbo unha reunión na alcaldía co interventor na que estaban varios traballadores do concello, na que se tratou sobre a primeira modificación orzamentaria, que nesta xuntanza se lle dixo ao interventor que fixese un estudo económico do que tiñamos no orzamento prorrogado para os gastos de persoal e que a contestación que deu o interventor foi que iso non, e que había que ceder algo, que a solución prantexada que era a de pagar a nómina de xaneiro e despois facer un estudo económico non se aceptou e cal é a súa sorpresa cando hoxe o interventor informa que a modificación de crédito é de 344,00 € para poder pagar a nómina de xaneiro e que despois haberá que facer outras modificacións, cando esta foi a proposta que se lle fixo o primeiro día no que estiveron reunidos. Remata pedindo desculpas aos traballadores e dicindo que leva unha decepción moi grande co interventor, cando o que informa agora foi o que se lle prantexou nun primeiro intre.

Intervén o Sr. Leal Arias dicindo que o punto de hoxe é para ruborizarnos todos, porque é lamentable que saiamos a diario no periódico por este tema,



dando unha imaxe moi pobre, e hai que pedirlle desculpas aos traballadores e aos veciños do Concello de Viveiro. Que parece que non se sabe traballar en positivo e que sempre se buscan atrancos, que é obriga da patronal pagar o último día de cada mes, que non é a primeira vez que isto sucede, que causou gran sorpresa, e están aquí os voceiros municipais, cando eu dixen que había unhas irregularidades nalgo que se nos presentara na comisión do día anterior e que non coincidía cos datos aportados en 3 comisións anteriores, pero que sí que se recoñeceu por esa persoa que presentaba a documentación, que sí había esas irregularidades, e aquí hai voceiros que o poden constatar. Remata dicindo que quere facer un reproche á Alcaldía por que, como xefe de persoal, o alcalde ten que tomar medidas e poñer a andar aos seus peóns, e que estos feitos que se veñen reiterando non se poden volver a repetir.

Intervén a Sra. Gueimunde González quen dí que antes de nada quere pedir desculpas polo que está a padecer o persoal. Entende que lle corresponde ao xefe de persoal que todos os traballadores cobren e que é él, que ten que poñer a todo o persoal a andar, polo que o último responsable é o Sr. Alcalde de Viveiro. Que o que sí é certo, tal e como manifestan os informes de intervención, é que en reiteradas ocasións non existe no orzamento, crédito para afrontar a carga do persoal deste concello,

***Dilixencia:** Para facer constar que ante os comentarios do Sr. Fernández Amor o Sr. Alcalde chamao á orde, volvendo a chamalo á orde e con advertencia que á próxima intervención deberá abandonar o pleno.*

Continúa dicindo que esta é unha consecuencia do orzamento prorrogado que necesita de transferencias de crédito para afrontar os gastos de persoal e que ninguén nos garantiza que nos vindeiros meses isto non volva a ocorrer. Que é necesario poñer ao concello ao día e crear as novas partidas para facer fronte á carga que temos hoxe. Que no informe do interventor dise que para evitar o compromiso de gasto sen crédito suficiente en meses seguintes, débense tramitar modificacións orzamentarias ao comezo de cada mes e que en base a este informe tampouco se pode garantir que os traballadores cobren todo o ano e que non podemos estar a expensar dunhas modificacións orzamentarias todos os meses. Remata dicindo que o seu partido se vai a abster neste punto.

Intervén o Sr. Goás Basanta pedindo desculpas a todos os traballadores, que o problema xa non é cobrar a nómina máis tarde senón a imaxe dada, que determinados provedores poden á vista do acontecido exercitar actuacións contra o concello, que non deixa de ser significativa a cadea de informes e contrainformes existentes, que se teñen que fiar do informe dos servizos económicos sobre a suficiencia de crédito, pero que podería facerse unha comisión de economía e facenda para estudar este tema con **detenemento**. Dí que se bota en falla por parte do grupo de goberno que non elaborase o orzamento.



Remata dicindo que tamén é certo que por parte do grupo de goberno débense tomar as medidas oportunas para que isto non volva a acontecer.

Intervén o Sr. Expósito Mariño pedindo en primeiro lugar perdón a todos os traballadores por ista situación, prosegue dicindo que esta situación non é nova no funcionamento cotiá do concello, e que hai funcionarios que cobran por non facer o que teñen que facer, adiantando que se teñen que tomar medidas para que isto non poda continuar así, dí que o Sr. Interventor lle ten que dicir se no capítulo I hai crédito suficiente que cubra as necesidades de persoal durante todo o ano, que o Sr. Interventor cobra máis de 40.000,00 € ao ano. Que os veciños de Viveiro estamos avergoñados co que está a pasar neste concello e que isto non se pode permitir.

Intervén o Sr. Alcalde para responder ás intervencións, dicindo que non se vai a parar nas cifras que están claras e que baixaron de 490.000,00 € a 344,00 €.

Á Sra. Gueimunde dille que non hai votación.

Dí que este alcalde, a diferenza doutros, sabe que está baixo a normativa xurídica, que no ano 2009 os voceiros de todos os partidos pedíronlle que lle abriera un expediente ao Sr. Interventor e recoñece que non o abriu, anuncia que lle vai a abrir un expediente informativo ao Sr. Interventor por isto e por todas actuacións que veñen detrais, que o Sr. Interventor non asiste ás comisións informativas, e que non hai acoso laboral como se demostrou ao non abrille o expediente solicitado polos voceiros. Que el aquí non está para dar clases, que os habilitados nacionais foron transferidos á CCAA, a quen lle van a dirixir o expediente informativo que se incoe, e que se a CCAA non actúa terán que chamar á Dirección Xeral de Administración Local, polo tanto non é o mesmo a relación xurídica dun alcalde cun funcionario municipal que cun habilitado nacional.

Que vai a aclarar o apuntado polo Sr. Leal, que as contas dos anos 2007 e 2008 non se entregaron ata novembro de 2010, e que na comisión especial de contas celebrada fíxose constar que hai subvencións ás que non podíamos acudir, por que quen é o responsable legal de formar as contas non o fixo e que quen está denunciado no Tribunal de Contas é o Alcalde, tribunal ao que haberá que dirixirse para decirlle que non se pode enviar aquilo que non existe.

Remata dicindo que isto non vai a volver a pasar e que a él non o chantaxea ningún.



E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as catorce horas e cincuenta minutos, de todo o que eu, como Secretario dou fe.

Vº. e Prace

O ALCALDE,

O SECRETARIO,